



## 'A Galiza feminista', un libro para "sobrevolar os dous polos do feminismo galego"

[Ana G. Liste](#) 30 de maio de 2021

<https://praza.gal/cultura/a-galiza-feminista-un-libro-para-sobrevolar-os-dous-polos-do-feminismo-galego>

"Fai falta que chegue moita xente nova ao feminismo", defende **Miriam Couceiro Castro** (Ordes, 1985), que vén de publicar o libro **A Galiza feminista. Tebras e alboradas** na colección Feminismos da editorial Galaxia. Nel traça un relato desde a súa experiencia propia, no momento no que foi consciente dos efectos do **patriarcado** no seu día a día, ata unha descrición máis xeral do que é o movemento feminista desde unha perspectiva histórica, ata chegar á Galicia de hoxe. Todo **cos beizos pintados de cor vermella**, como a súa avoa Manolita cando lle cantaba aos anciáns da residencia na que traballaba.

"Con este libro espero **sobrevolar os dous polos do feminismo galego** e que haxa un punto de unión", explica co convencemento de que o feminismo é político en si mesmo e debe apostar polos espazos de confluencia. Escritora, socióloga e doutora en Equidade e Innovación Educativa pola Universidade da Coruña. Foi precisamente a súa mudanza á cidade herculina a que lle provocou o **cambio que a achegou ao feminismo** desde as aulas da Facultade de Socioloxía.

"Sabía que dende nena me sentira moi rara por non seguir un canon, **sabía que me incomodaba sentirme diferente**, sabía que me doía non ser capaz de quererme a min mesma, incluso me atrevo a dicir que non sabía que non me quería a min mesma", conta Miriam Couceiro no prólogo do libro. Foron estes sentimentos, e moitos outros que conta no seu podcast *A Ollada Violeta*, os que comezou entender cando a súa profesora de Teoría sociolóxica, **Rosa Cobo**, lles falou de feminismo en clase.

"Rosa foi a persoa que me abriu a cabeza ao feminismo. Empecei a ler todo o que caía nas miñas mans. Despois, cos anos, estivo no meu tribunal da tese. Para min **é unha mestra, que nos dotou a todas dun aparato académico e conceptual brutal**. Hai outras mulleres que berran detrás de pancartas, porque tamén hai que berrar, pero necesitamos todo tipo de feministas. Aínda que ao final, moitas veces vas evolucionando e xa non estás de acordo con todo o que di Rosa Cobo, pero a valoro e a respecto; é un referente para min", salienta.

A discrepanciada que fala Miriam Couceiro nunca lle foi allea ao movemento feminista, mais nestes tempos asistimos a unha discusión nun marco novo: "Eu creo que agora estamos nun

momento moi delicado, as compañeiras que teñen máis idade rin porque din que delicado foi sempre, pero vexo unhas **liñas vermellas** que son o tema das mulleres trans, a prostitución e a invisibilidade doutras realidades, porque ás veces quedamos no noso **feminismo de mulleres brancas occidentais** e esquecemos que hai mulleres racializadas e outros feminismos que non están en Europa, dos cales temos moitísimo que aprender”.

Para Couceiro, a situación actual pode supoñer unha onda de crecemento moi grande para o feminismo, pero tamén pode debilitar os seus piares. “Eu creo que **hai que discrepar e facelo desde o afecto**, sempre desde o respecto, e non desde unha posición de guerra. Así afastamos a moitas mulleres novas que se queren achegar ao feminismo e tamén a moitas mulleres de maior idade que se poderían achegar a través deste libro, pero que nos ven **poñéndonos verdes nas redes sociais** entre abolicionistas, regulacionistas, unhas que lle chaman ás outras transexluíntes (terf)... Cando berramos algo temos que pensar en todas as posibilidades e debemos aprender a falarnos para construír xuntas”, razoa.

“Vexo **moitos extremos**. Están as mulleres académicas, as mulleres na política, e en partidos políticos; mulleres que xa están cansas das institucións e non queren saber nada delas, e teñen tamén certo receo cara ás que están en partidos políticos ou institucións”, sinala Couceiro, que tamén observa esa polarización a partir das referentes: “Se nos fixamos en Rosalía de Castro e en Emilia Pardo Bazán, esta última é referencia das **mulleres do centro e da dereita**, mentres que todo o universo de Rosalía ten máis que ver coas mulleres que estamos máis **identificadas coa esquerda** e co galeguismo”.

### **Un feminismo atomizado**

Nas páxinas de *A Galiza feminista*, Couceiro reivindica o legado de **Concepción Arenal**, **Pardo Bazán** e **Rosalía**, así como o traballo de investigadoras como **Mónica Bar Cendón** ou docentes como **María Barbeito Cerviño** e **Antonia de la Torre Martínez** antes da chegada da democracia. Así como a experiencia de **Pilar García Negro**, á que entrevistou para a súa tese de doutoramento, xermolo deste primeiro libro.

“Estamos nun momento delicado tamén porque o feminismo non pode ser confundido cos éxitos profesionais ou persoais dunha elite de mulleres. Ten que ser **un feminismo de clase**. No caso de Galicia, as institucións fannos ver que si que o apoian, que o feminismo é algo de primeiro grao para elas, pero realmente iso non é así. Como chega a cuarta onda ao feminismo galego? Pois **atomizándoo aínda máis**”, apunta Couceiro.